



Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA (Aprobada no Pleno do 18/04/2013)

Data	28/11/2012		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	19:16
Asisten	•Presidenta, Raquel Díaz Vázquez •Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero •Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias •Representante da Administración Educativa, Gonzalo Fernández Fernández - Sector docente: •Eugenio de la Iglesia Delgado •Anxos Collazo Trigo •Xesús Rodríguez Amil •Santiago Rodríguez Sánchez •Tereixa Otero Dacosta - Sector usuarios/as: •Mª Jesús Granja Pereira •Mª Bertila Fernández Pérez •Vanesa Villa Blázquez - Sector social: •Olga Alonso Suárez •Manuel Alonso Vieytes •Cipriano Luis Jiménez Casas •Xan F. Centrón Montero •Iolanda Veloso Ríos •Manuel Vieites		
Escusan asistencia	•Sector docente: Antonio Madrid Risquez •Sector docente :Adolfo Gálvez Pazos •Sector docente: Isabel López Lorenzo •Sector docente: Pedro Nozal Cantarero •Sector docente: Rafael Dominguez de la Iglesia •Sector usuarios/as: José F. Rodríguez Pérez •Sector usuarios/as: Nuria del Río Campos •Sector usuarios/as: María Dolores Iranzo Simo •Sector social: Jaime Estévez Vila •Sector social: José Antonio Fernández Rodríguez		
Non asisten	•Sector social: Aurora Álvarez Castro •Sector social: Francisco Piñeiro Lorenzo •Sector usuarios/as: Mª Cristina de la Calle Rodríguez •Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado •Sector usuarios/as: Cynthia B. Pereira Romero •Sector usuarios/as: Silvana Mª Moscoso Pérez		
Servizo de Educación e Asistencia Técnica	Ana Isabel Castro Davila(Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).		

Orde do día

1. Lectura e aprobación da Acta anterior, se procede.
2. Informe da Presidenta do CEMV (Renovación regulamentaria de membros do CEMV)
3. Memoria anual de actividades 2011-2012
4. Informes e plans de traballo das comisións do CEMV
5. Propostas de mocións
 - Proposta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa parara que Vigo se converta nunha cidade máis inclusiva.
 - Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre comedores escolares.
6. Rogos e preguntas

Intervencións realizadas e acordos adoptados

1.- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.

A Presidenta pregunta se algún dos presentes quere facer algunha modificación á acta da sesión anterior.

Gonzalo Fernández solicita que se faga unha corrección na páxina 28, onde di “todos os alumnos **dos** institutos que están ao lado” se mude “dos” por “nos”, quedando a frase “todos os alumnos **nos** institutos que están ao lado”. Aceptada esta corrección procédese á votación.

Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior.

2.- Informe da Presidenta do CEMV (Renovación regulamentaria de membros do CEMV)

A Presidenta explica como quedou conformado o Pleno do CEMV trala renovación regulamentaria que se iniciara en xuño de 2012. Aproveita para agradecer a todas as persoas saíntes que traballaron activamente no Consello e dálles a benvida aos novos membros. Seguidamente enumera o listado das institucións que tiñan

obriga de renovar os seus membros, con indicación dos antigos e novos representantes, indicando que STEG, FSIE Galicia e UXT optaron por ratificar ao membro que xa os representaban no curso pasado

Sectores	Institucións que tiñan obriga de renovar os membros	NOVO REPRESENTANTE	ANTIGUO REPRESENTANTE
Sector docente	CCOO	Eugenio de la Iglesia Delgado	Mª del Carmen Lorenzo Vila
	CIG-Ensino	Anxos Collazo Trigo	Marina Pérez Costas
	UXT	Isabel López Lorenzo	Isabel López Lorenzo
	FSIE Galicia	Adolfo Gálvez Pazos	Adolfo Gálvez Pazos
	STEG	Tereixa Otero Dacosta	Tereixa Otero Dacosta
Sector usuarios/as	FOANPAS	María Jesús Granja Pereira	Iago Fernández Fonseca
	FOANPAS	Nuria del Río Campos	Juan José Piñeiro Martínez
	SURGAPA	Vanessa Villa Blázquez	Beatriz Blanco Bastos
Sector social	Director/a centros públicos secundaria	Jaime Estévez Vila	Manuel Rodríguez González
	Central sindical (non ámbito educativo)	Aurora Álvarez Castro (alternancia trimestral UXT - CIG-CCOO)	Consuelo Martínez García
	Titular centros privados	Manuel Alonso Vieytes	Joaquín Pereira Somoza
	Consello Municipal da Muller	Iolanda Veloso Ríos	Ángeles Arias Miño
	Ensinanzas artísticas	Manuel Vieites	Rodrigo Romaní Blanco


Pedro Mª Vázquez explica que o cambio de representantes no CEMV afecta directamente ás Comisións de traballo quedando mermadas sobre todo no relativo aos representantes con voz e sen voto. Ademais, informa de que cos cambios, a Comisión Pedagóxica renova en principio a súa directiva ao completo, xa que xustamente as persoas que ostentaban os cargos de Presidenta, Secretario e Vogal deixaron o CEMV. Explica que isto non quita que esta comisión internamente faga algún cambio para que persoas con máis experiencia ocupen estes postos. Lembra ademais a posibilidade que existe de que calquera membro do Pleno que o desexe se incorpore a estas dúas comisións para colaborar no seu traballo. Informa que o procedemento de adhesión ás comisións se fai poñéndose en contacto coa asistencia técnica.

Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa		Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa	
Cargo	Nome	Cargo	Nome
Presidenta	Tereixa Otero Dacosta	Presidente	Eugenio de la Iglesia Delgado
Secretario	Olga Alonso Suárez	Secretaria	María Jesús Granja Pereira
Vogal	José F. Rodríguez Pérez	Vogal	Jaime Estévez Vila
Representantes con voz e sen voto		Representantes con voz e sen voto	
Sector docente	Isabel López Lorenzo	Sector docente	Pedro Nozal Cantarero
Sector docente	Santiago Rodríguez Sánchez	Sector docente	Rafael Domínguez de la Iglesia
S.usuarios/as	Mª Dolores Iranzo Simo	S.usuarios/as	Mª Bertila Fernández Pérez
Sector social	Cipriano Luis Jiménez Casas	Sector social	Cipriano Luis Jiménez Casas
Sector social	José A. Fernández Rodríguez		

3.- Memoria anual de actividades 2011-2012

A Presidenta do CEMV presenta e dá conta da memoria da actividade do CEMV durante o curso 2011-12.

1. Presentación

A decorative graphic on the left side of the page consists of several overlapping circles in various colors: purple, orange, olive green, light purple, brown, pink, light green, and grey. They are arranged in a vertical, somewhat scattered pattern.

Tal e como recolle o [Regulamento de Organización e Funcionamento do Cemv](#), no seu *artigo 23*, o Consello Escolar Municipal de Vigo ten que presentar unha memoria de actividades onde se dea conta do feito por este órgano colexiado municipal.


Artigo 23. Memoria de actividades

- 1.- O CEMV ao remate de cada curso escolar elaborará unha memoria da súa actuación no curso escolar correspondente, explicando de xeito conciso cada unha das principais actuacións levadas a cabo e xustificando a súa contribución á mellora do sistema educativo.
- 2.- O procedemento que se ha seguir para a súa emisión e achega será o regulado con carácter xeral para á elaboración de ditames.
3. Para a elaboración da memoria anual de actividades tomaranse como referente as actas do Pleno e da Comisión Permanente, e teranse en consideración os informes previos das restantes comisións.

Durante o curso escolar 2011-2012 o Cemv traballou en diferentes áreas que afectan directamente á comunidade educativa do Concello de Vigo, tomando como base o labor desenvolvido polas dúas comisións de traballo. Entre as actividades realizadas destacou o desenvolvemento das Xornadas Municipais sobre convivencia do Consello Escolar Municipal.

2. Cronograma das actividades do CEMV

No seguinte calendario podemos visualizar a actividade deste órgano durante o curso 2011-2012. Nel remárcanse as xuntanzas das comisións do Cemv -pedagóxica, equipamentos, permanente-, as sesións plenarias, as reunións de coordinación da asistencia técnica co servizo de educación e as Xornadas sobre Convivencia Escolar.




3. Sesións plenarias

Segundo o establecido no regulamento interno do CEMV, (*artigo 17. Réxime de Xuntanzas do Pleno*), durante o pasado curso escolar celebráronse un total de **3 sesións plenarias**, unha por trimestre.

A participación dos membros do CEMV nestas xuntanzas plenarias roldou o 50%, mostrando no último pleno un claro descenso.

1. Pleno 03/11/2011: 54,54 %
2. Pleno 16/02/2012: 57,57 %
3. Pleno 28/06/2012: 48,48 %



Resumo do tratado nos Plenos:

Data	Temas abordados
1: 03/11/2011	1. Incorporacións de novos membros. 2. Informe da Presidenta do CEMV. 3. Aprobación da Memoria Anual de Actividades 2010-2011. 4. Propostas de planificación das comisións de traballo para o curso académico 2011-2012. 5. Moción da Presidenta sobre Política Educativa da Xunta de Vigo. 6. Moción sobre comedores escolares.

Nesta sesión, comezouse anunciando o cambio de varios representantes:

- Raquel Díaz Vázquez, Concelleira Delegada de Educación do Concello de Vigo, pasa a ocupar a Presidencia.
- Pedro Nozal Cantarero, como responsable de educación da Federación do Ensino de USO (FEUSO) en Vigo, pasa a ocupar o cargo de Isidro Amoedo Rodríguez.
- Tereixa Otero Dacosta, como responsable de STEG, pasa a ocupar o cargo de Mercedes Alonso Padrón.
- Iago Fernández Fonseca, membro de Foanpas, pasa a ocupar o cargo de Mónica Touza Troncoso.
- Juan José Piñeiro Martínez, membro de Foanpas, pasa a ocupar o cargo de Xosé Manuel Pena Gayo.

- M^a Olga Alonso Suárez, directora do CEIP Frián-Teis, pasa a ocupar o cargo de Alfonso Guitián Álvarez.
- Ana Isabel Castro Davila pasa a ocupar o cargo de Sofía Riveiro Oliveira na Asistencia Técnica.

A Presidenta presenta o seu informe indicando que o obxectivo prioritario do Concello é converter á Educación en Vigo nun referente a nivel nacional. O Goberno comprométese coa educación a través de catro liñas:

- Rede Escolas Infantís Municipais 0-3 anos (REIM): Aumento dun 60% de capacidade na súa oferta de prazas.
- Comedores Escolares
- Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa
- Pacto Educativo: “colaboración a todas as institucións que teñan que ver coa educación pero tamén opoñéndose e loitando cando non se atendan ás necesidades educativas da poboación”

Nesta sesión apróbase a Memoria Anual de Actividades 2010-2011 e os informes e Plans de traballo das dúas comisións así como todas as propostas e mocións presentadas:

- Moción da Presidenta sobre Política Educativa da Xunta de Vigo, coa revisión do texto feita pola Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa.
- Moción de Foanpas sobre comedores escolares solicitando que a Consellería de Educación asuma a xestión dos comedores escolares da cidade de Vigo.

Data	Temas abordados
2: 16/02/2012	1. Incorporacións de novos membros. 2. Informe da Presidenta do CEMV. 3. Guía de centros de ensino formato dixital 4. Informes das Comisións de Traballo 5. Proposta sobre a elaboración do mapa escolar da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

Nesta sesión comunícanse os seguintes cambios na composición do CEMV:

- Pedro M^a Vázquez Iglesias, como Xefe de Servizo de Educación, substituirá a Rafael Ojea.
- Isabel López Lorenzo pasa a ocupar o cargo de Jesús Antonio Camino Soutullo
- Rafael Domínguez de la Iglesia pasa a ocupar o cargo de María López Bolaño.

O informe da Presidenta nesta caso versa sobre os seguintes temas:

- Rede Escolas Infantís Municipais 0-3 anos (REIM): Aumento dun 60% de capacidade na súa oferta de prazas.
- Situación dos comedores escolares.
- Inspeccións Técnicas de Edificacións (consulta sobre as ITES dos centros concertados a petición da Comisión de equipamentos e planificación educativa)
- Uso instalacións deportivas do IMD

Preséntase a Guía de centros de ensino formato dixital aloxada no sitio web www.escolasvigo.org. As comisións de traballo informan sobre a súa actividade actual, destacando o camiño andado pola Comisión Pedagóxica na organización das “Xornadas Municipais sobre Convivencia Escolar”.

Apróbase a proposta feita pola Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa na que se pide que se transmita á Consellería a necesidade de elaboración dun mapa escolar axeitado para o Concello de Vigo.

Data	Temas abordados
3: 28/06/2012	1. Renovación regulamentaria dos membros do CEMV. 2. Informe da Presidenta do CEMV. 3. Informes das Comisións de Traballo. 4. Informe memoria sobre as Xornadas sobre Convivencia Escolar. 5. Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa con demandas para mellorar a educación no Concello de Vigo

Nesta sesión plenaria o secretario comunica que se comezará agora o proceso de renovación por metades dos membros do CEMV establecido no regulamento interno e explica cómo será o proceso.

O informe da Presidenta nesta ocasión fai unha análise de toda a programación educativa que desenvolve o Concello de Vigo. Apróbanse os informes das dúas Comisións de Traballo e o informe memoria sobre as Xornadas Municipais sobre Convivencia Escolar presentado pola Comisión Pedagóxica.

Asemade apróbase a moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa na que se fan as seguintes demandas:


- Ampliar a oferta de prazas públicas en todos os niveis educativos da cidade.
- Creación de centros educativos públicos nas zonas de gran crecemento demográfico.
- Ampliación da oferta de prazas públicas no 1º ciclo da EI.
- Ampliación da rede de transporte escolar pública.
- Renovación das infraestruturas dalgúns centros que o precisan.
- Consolidación e reforzo da atención educativa.
- Execución das actuacións comprometidas nos comedores existentes.

Con este Pleno remata o traballo feito polo CEMV durante o curso escolar 2011-2012.

4. Comisión Permanente

Celebráronse catro xuntanzas coa seguinte porcentaxe de participación:

1. 04/10/11: 100%
2. 20/10/11: 100%
3. 26/01/12: 100 %
4. 14/06/12: 62,5 %



Os puntos tratados nestas xuntanzas foron os que seguen:

Data	Temas abordados
1: 04/10/2011	1. Dar conta da renovación de cargos 2. Acórdase facer una xuntanza extraordinaria para dar tempo ás comisión de traballo para que se reúnan e establezan os seus plans de traballo. 3. Moción da Presidenta sobre Política Educativa da Xunta de Vigo. A Comisión de Equipamentos fará una revisión que se presentará na seguinte xuntanza extraordinaria. 4. Acórdase que as reunións do Pleno con carácter xeral se pasen aos xoves ás 17:30 5. A orde do día do Pleno do CEMV establecerase na seguinte xuntanza extraordinaria.
2: 20/10/2011 Xuntanza extraordinaria e urxente	1. Aprobar a Memoria Anual de Actividades 2010-2011. 2. Informes e Plans de traballo das Comisións de Traballo. 3. Analizar as propostas presentadas polas comisións de traballo: 1. A Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa presenta una revisión do texto da moción da Presidenta sobre Política Educativa da Xunta de Vigo. 2. Moción de Foanpas sobre comedores escolares solicitando que a Consellería de Educación asuma a xestión dos comedores escolares da cidade de Vigo. 4. Preparar a orde do día do Pleno do CEMV.
3: 26/01/2012	Asiste como convidada Margarita Niño, directora do CPI Celso Emilio Ferreiro que ven a comunicar a situación pola que pasa este centro. •Renovación de cargos. •Informes das Comisións de Traballo. •Analizar as propostas presentadas polas comisións de traballo: 1. A Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa presenta una petición á Concelleira para que informe da situación das EI municipais, sobre comedores escolares, sobre infraestruturas de centros concertados e sobre uso de instalación do IMD. Todo isto será respostado no informe da Presidenta no Pleno. 2. Proposta sobre a elaboración do mapa escolar da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa. •Análise do documento borrador novas zonas de influencia dos centros educativos. •Preparar a orde do día do Pleno do CEMV.
4: 14/06/12	1. Explicación do proceso de renovación regulamentario dos membros do CEMV. 2. Informes das Comisións de Traballo.

	3. Presentación do informe memoria das Xornadas Municipais sobre Convivencia Escolar. 4. Analizar as propostas presentadas polas comisións de traballo: 1. Moción da Comisión de Equipamentos instando á Consellería a que tome diferentes medidas no ámbito educativo. 5. Preparar a orde do día do Pleno do CEMV.
--	--

5. Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

Celebráronse catro xuntanzas coa seguinte participación:

1. 10/10/2011: 30,76 %
2. 09/11/2011: 38,46%
3. 22/11/2011: 38,46%
4. 13/12/2011: 30,76 %
5. 10/01/2012: 38,46%
6. 02/02/2012: 38,46%
7. 08/03/2012: 38,46%
8. 20/04/2012: 30,76 %
9. 16/05/2012: 38,46%

Aparte das xuntanzas ordinarias, esta Comisión celebrou unha mesa de traballo para ultimar detalles das Xornadas sobre Convivencia Escolar. Esta reunión celebrouse o día 26 de abril na sede de Foanpas.



O traballo desta comisión comezou na xuntanza celebrada o día 10/10/2011 na que se estableceu o Plan de de traballo anual. Neste estableceuse que a actividade principal fose a organización das Xornadas Municipais sobre Convivencia Escolar. A relevancia deste evento fixo que esta comisión estivese moi activa, reuníndose cunha periodicidade mínima de unha vez ao mes. A seguir inclúese o informe onde se detallan os datos referentes a estas xornadas e que mostran o traballo resultante de todo un ano:

MEMORIA DAS XORNADAS MUNICIPAIS SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR

O Consello Escolar Municipal de Vigo, CEMV, é un lugar de encontro, un foro para reflexión e debate da situación educativa do municipio e para o fomento da cultura da participación e da expresión directa da cidadanía.

Este órgano colexiado, consciente da necesidade de traballar a prol dunha coordinación e participación de maior calidade entre os distintos membros da comunidade educativa e os distintos axentes sociais, a través dunha das súas comisións de traballo, a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa, vén traballando desde o ano 2010 no eido da convivencia escolar, eixo temático destas xornadas.

Esta iniciativa didáctico-formativa está pensada para actuar na prevención de situacións que dificulten a convivencia, para recoller as boas prácticas sobre convivencia que de forma non visible se están levando a cabo en distintos centros e institucións; e en definitiva para xerar un espazo de reflexión compartida sobre a convivencia e impulsar e dinamizar formas de participación coordinadas e programas integradores.

2. Programa das Xornadas

venres 4 de maio	
16:00-16:30h	Acreditación dos participantes
16:30-17:00h	ACTO INAUGURAL Abel Caballero, Alcalde de Vigo Raquel Díaz Vázquez, Presidenta do Consello Escolar Municipal de Vigo e Concelleira de Educación do Concello de Vigo
17:00-18:30h	CONFERENCIA INAUGURAL Javier Urrea Portillo, Doutor en Psicoloxía
18:30-19:00	DESCANSO
19:00-19:30	CONFERENCIA: Historia e andares do programa "Aprender a Convivir". Experiencia do I.E.S. de Teis. - Pedro Mª Vázquez, Xefe do Servizo de Educación do Concello de Vigo - Fernando Carrasco, Director do I.E.S. de Teis
19:30-20:30h	EXPOSICIÓN de experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV en materia de convivencia en diferentes Centros Educativos. (1ª Parte) - CEIP IGREXA CANDEÁN - CPR NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA - EEI MONTE ALBA - CPR SANTA CRISTINA
Sábado 5 de maio	
9:30-10:30h	EXPOSICIÓN de experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV en materia de convivencia en diferentes Centros Educativos. (2ª Parte) - CEIP PINTOR LAXEIRO - CPR MONTERREY - EEI RÚA ARAGÓN - FOANPAS
10:30-12:30h	MESA REDONDA: Cara a un Plan de Convivencia Municipal. Unha visión compartida Modera: Ana Rosa Lorenzo Vila, CIDADANIA, Sociedade Cooperativa Galega. Interveñen: - Carme Díaz, Orientadora do IES Lucus Augusto, membro de Educadores pola Paz - Diana Freire López, Responsable provincial do Programa Sen Violencia-Convivencia, Cruz Vermella J. Amador Bernardo Vázquez, Secretario do Plan comunitario de Teis - Luis Alberto Luaces, Inspector da Policía Nacional - Marcela D'Ambrosio Ingraio, Mediadora intercultural Concello Vigo - Ángeles Montero Gómez, Coordinadora do centro de menores Alborada
12:30-13:00h	DESCANSO
13:00-13:30h	CONCLUSIÓN DAS XORNADAS E ACTO DE CLAUSURA Raquel Díaz Vázquez, Presidenta do Consello Escolar Municipal de Vigo e Concelleira de Educación do Concello de Vigo Mª del Carmen Lorenzo Vila, Presidenta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV
13:30h	Entrega de diplomas de asistencia

3. Datos técnicos

Lugar e data de celebración
Paraninfo do IES Santa Irene 4 e 5 de maio de 2012

Cronograma de difusión e inscrición

DATA	ACCIÓN	OBSERVACIÓNS
10 de abril	Envío do programa por correo ordinario e subida á web da información relativa ás Xornadas	O envío por correo ordinario fíxose a tódolos membros do CEMV, aos centros educativos do Concello de Vigo e a tódolos relatores/as das xornadas
11 de abril	Envío do programa por correo electrónico	O envío por correo electrónico fíxose a tódolos membros do CEMV, aos centros educativos do Concello de Vigo e as Facultades de Educación da Universidade de Vigo
12 de abril	Activación do formulario de inscrición na web	
Do 12 ao 26 de abril	Prazo de inscrición	Inscrición a través de formulario da web
23 de abril	Envío de reforzo indicando o inminente peche de prazo de inscrición	Envío por electrónico a tódolos membros do CEMV e aos centros educativos do Concello de Vigo
Do 27 ao 30 de abril	Sistematización da información	
30 de abril	Confirmación da aceptación de solicitudes	A través de correo electrónico
4 e 5 de maio	Celebración das Xornadas	

Representantes dos Centros Educativos e organismos que presentaron as súas boas prácticas nas Xornadas


1. CEIP IGREXA CANDEÁN
Daniel Ferreiro Vinuesa, Mestre de Educación Física e Psicomotricidade
2. CPR NUESTRA SEÑORA DE LA ESPERANZA
Alejandro Vaggetti Jou, Psicólogo Orientador
3. EEI MONTE ALBA
Elena Pardo Corominas, Mestra de EI
4. CPR SANTA CRISTINA
Belén De Manuel Iglesias, Orientadora
5. CEIP PINTOR LAXEIRO
M^a Paz Fernández López, Directora
6. CPR MONTERREY
M^a Carmen Lorenzo Vila, Psicóloga-Orientadora
7. EEI RÚA ARAGÓN
M^a José Miguéns González, Mestra de EI
8. FOANPAS
M^a Bertila Fernández Pérez, Vogal da Federación

4. Análise da participación


Inscritos: 135 dos cales 27 non se presentaron ningún dos dous días



Membros do CEMV



Perfil profesional dos inscritos



5. Conclusións extraídas das Xornadas

Familia e escola, como institucións socializadoras primordiais, e co apoio dos poderes públicos e medios de comunicación, debemos traballar con responsabilidade a prol de seguir acadando un obxectivo educativo en si mesmo, tal como é, a construción colectiva de comunidades de aprendizaxe asentadas nas relación humanas e no consenso dunha convivencia democrática e participativa.

Cómpre reivindicar o noso compromiso na procura dun futuro máis solidario, sustentado en intervencións educativas baseadas na plena vixencia do contido que se recolle no artigo 26.2 da Declaración dos Dereitos Humanos: A educación ten como obxectivo o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o fortalecemento do respecto aos dereitos da persoa e liberdades fundamentais como a tolerancia, comprensión e igualdade fronte a fanatismo e violencia.

6. Avaliación das Xornadas

A cantidade de elementos obxecto de avaliación levou á Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV a utilizar unha ferramenta de diagnose baseada na matriz DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas y Oportunidades) para dar unha resposta máis concreta e intuitiva da avaliación destas Xornadas. A matriz componse por elementos avaliativos internos (Fortalezas e Debilidades) e externos (Oportunidades e Amezas). Baseándonos polo tanto neste sistema concluímos os seguintes puntos principais de análise:

FORTALEZAS:

- A duración total das Xornadas, implementadas en dúas medias xornadas (venres tarde e sábado mañá), facilita o seguimento das mesmas e permite a participación de todos os interesados en, canda menos, algún momento.
- A loxística conformada polos medios de apoio audiovisuais facilita o seguimento do relato exposto por cada poñente e axuda a comprender as boas prácticas expostas en cada experiencia escolar.
- O espazo para o desenvolvemento das Xornadas, o salón de actos dun instituto de educación secundaria da cidade, estimula o clima escolar e xera de por si o contexto marco do acto. Un espazo próximo, recoñecible e próximo.
- O material de apoio entregado polo CEMV para cada asistente: carpeta + bolígrafo + follas para anotar, é imprescindible para visibilizar as Xornadas e, por extensión o CEMV, así como para tomar notas de datos interesantes e anotar inxerencias e suxestións que propor posteriormente no tempo previsto para a participación dos asistentes na quenda de preguntas.
- A loxística organizativa con persoal de apoio claramente identificable axuda aos asistentes a recoñecer ás persoas as cales poder dirixirse en caso de dúbida e facilitan a dinamización dos turnos de palabra entre os presentes nas butacas.
- A apertura das Xornadas, realizada por un poñente de recoñecemento social e de contrastada experiencia no campo da resolución de conflitos, contribúe ao aumento do número de inscritos, sitúa o contexto inicial das xornadas e xera interrogantes nas persoas alí presentes.
- A experiencia exposta acerca do programa educativo municipal *Aprender a Convivir*, pon de manifesto a importancia e necesidade dunha coordinación pedagóxica intramunicipal do tema da convivencia escolar nos centros educativos da cidade de Vigo.
- A combinación de ponencias teóricas e prácticas na implementación das Xornadas posibilita aos asistentes unha maior atención e aproveitamento das Xornadas.
- A descarga dos materiais presentados nas Xornadas, dende a páxina web do CEMV, permite a todos os asistentes seguir os diferentes discursos e traballar previamente os contidos para formular

inquietudes e centrar a atención no relato.

- Os tempos dados a cada relator aseguran unha exposición concreta e directa apoiada en diferentes medios que axuden a visibilizar e acompañar o discurso do ponente.

DEBILIDADES:

- A ficha de inscrición nas Xornadas, na cal había que cubrir a profesión dos asistentes, non explicaba claramente que as familias (non docentes) debían marcar esta condición de membro da comunidade escolar.
- Dificultade na organización previa do espazo físico para a implementación das Xornadas. Ao tratarse dun centro de ensino, a persoas encargadas da organización do acto teñen que adaptarse aos horarios de apertura do instituto.
- Escaso control previo por parte da organización dos medios técnicos audiovisuais de apoio facilitados polo centro de ensino.
- Imposibilidade de facer un encontro común (físico ou virtual) cos relatores da mesa redonda antes das xornadas para extraer un par de ideas principais de cada experiencia para trasladar aos asistentes uns puntos de referencia e reflexión inicial antes da dinámica de grupos e reflexión final na elaboración de propostas de cara a creación dun plan de convivencia municipal.
- Dificultade da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV de motivar aos compañeiros/as Conselleiros/as para inscribirse nas Xornadas.
- Non se reflectiu ningunha experiencia de boas prácticas na etapa educativa de infantil do tramo 0-3 anos.

OPORTUNIDADES:

- As experiencias de boas prácticas expostas facilita á comunidade escolar unha visión real do tema abordado nunha realidade próxima
- A exposición de boas prácticas realizado por centros escolares de diferentes etapas educativas e pertencentes tanto á rede pública como privada-concertada pon en valor unha visión diferente pero conxunta da importancia do tema da convivencia na tríade familia-escola-comunidade dende diferentes perspectivas moi enriquecedoras.
- A visión da convivencia escolar dende o punto de vista das familias exposta pola Federación de ANPAS asenta as bases da mesma axudando a comprender que todos os axentes educativos conforman piares básicos da convivencia en diferentes sectores da educación pero con repercusións conxuntas, enfatizando a necesidade do diálogo e da posta en común entre o sector docente e as familias.
- A mesa redonda, na cal participaron voces de distintos sectores sociais relacionados co ámbito socioeducativo no marco da convivencia facilita a amplitude de miras e opcións de traballo na construción conxunta dunha comunidade activa e concienciada en valores convivencias de cara ao traballo cooperativo e conxunto por un modelo de sociedade cívico básico na escola
- O exercicio práctico final permite recoller de maneira máis concreta os aspectos abordados no transcurso das Xornadas, elaborar reflexións e priorizar actuacións imprescindibles de cara á creación de pautas sinxelas e concretas na materia tanto na Administración como na escola, na casa ou no comunitario.
- O perfil das persoas relatoras de cada experiencia denota confianza, experiencia e profesionalidade, motivo polo cal se outorga validez a esas boas prácticas e permite a adaptación a diferentes contextos e situacións na cidade en xeral e nos centros escolares de Vigo en particular.
- A composición da mesa redonda, que vai máis alá do sector docente adscrito a centros de ensino regrado, xera as bases dun tecido socioeducativo afincado na cidade que permite abordar o tema central das Xornadas dende diferentes ámbitos e cun fin común compartido. Contribúe á visibilización de persoas e entidades que podan fortalecer e servir como apoio á cidadanía e aos

centros escolares de Vigo.

- O perfil dos asistentes, moi relacionado co eido socioeducativo e escolar, garante un aproveitamento exitoso das experiencias de boas prácticas expostas e favorece a expansión das mesmas polo entorno municipal.

AMEAZAS:

- A aceptación das Xornadas non chegou por igual a todos os sectores da comunidade escolar, polos datos de inscrición non se denota moita aceptación por parte das familias, o cal dificulta un aproveitamento homoxéneo dos relatos
- Escasa acollida e visibilización das Xornadas por parte dos medios de comunicación locais, o cal provocou que moita xente non estivera informada dos períodos de inscrición e tampouco contribúe a concienciación da importancia dos plans de convivencia escolares e municipais.
- Ao tratarse dun espazo alleo ao CEMV, a ubicación dos elementos de apoio audiovisual non se poden situar na lugar máis apropiado, por exemplo: a pantalla do proxector coincide xusto no medio da mesa presidencial e detrás dos relatores, o que obriga a dividir a mesa en dous espazos diferenciados.
- Dificultade para que a organización das Xornadas teña con tempo suficiente o material de apoio dos relatores para publicalo na páxina web do CEMV e para editar unha portada común para todos que traslade a imaxe corporativa e homoxénea do CEMV
- O efecto chamada dun relator de renome que inaugure as Xornadas, non garante que haxa continuidade no desenvolvemento das mesmas ao día seguinte.

Apoiándonos nos datos expostos anteriormente concluímos a seguinte valoración final:

En termos xerais pode dicirse que o resultado avaliativo destas Xornadas municipais de Convivencia Escolar foi moi satisfactorio. Cumpriuse o obxectivo principal pensado pola Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa deste Consello Escolar Municipal de Vigo, un obxectivo claro e concreto: dotar á comunidade escolar de diferentes ferramentas didácticas a través da formación para poder previr aquelas situacións que dificulten a convivencia, baseándonos na recollida de boas prácticas sobre convivencia que de forma non visible se están a levar a cabo en distintos centros e institucións.

A avaliación destas Xornadas pon de manifesto a clara superación da meta prevista no exercicio final das xornada, na cal, a través dunha dinámica de grupos, todos os alí presentes fomos quen de xerar un espazo de reflexión compartida sobre a convivencia e de propor diferentes formas de participación coordinadas e programas integradores no eido escolar. Así, preparamos as bases dun posible plan de convivencia municipal.

Nestas conclusións dos asistentes se fixo especial fincapé, cun sentimento case unánime, da necesidade de restablecer un programa educativo municipal como foi *Aprender a Convivir*, que coordine as diferentes actuacións entre os centros de ensino da cidade de Vigo. Un programa que facilite recursos bibliográficos, visuais e de asesoramento de cara a manter unha convivencia efectiva no entorno escolar e a previr situacións de conflito con mecanismos de mediación e protocolos homoxéneo aínda que, obviamente, adaptables ás características dos centros de ensino nos que se implemente.

Os alí presentes, co apoio da Presidenta do Consello Escolar Municipal e Concelleira de Educación de Vigo, Dña. Raquel Díaz Vázquez, expresamos a importancia enriquecedora do desenvolvemento de actos deste tipo e expresamos o desexo de darlle continuidade a este proxecto con actividades prácticas relacionadas co tema e co compromiso de deseñar unhas II Xornadas sobre Convivencia Escolar.

Este compromiso público adquirido garante o traballo desta Comisión como lugar dinamizador e aglutinador de propostas que sirvan para ir configurando o contido do PLAN DE CONVIVENCIA

EDUCATIVO MUNICIPAL. Para o que é preciso unha maior implicación de tódolos axentes tanto dende esta Comisión como dende o Consello Escolar Municipal de Vigo en xeral.

En base a estas conclusións de valoración das Xornadas sobre Convivencia Escolar do CEMV, a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa extrae a seguinte reflexión:

Só a través da creación dun entorno educativo democrático podemos prever o desenvolvemento do autoritarismo, dun mercantilismo desenfreado, do conformismo, da mentalidade policial, dun engano emocional, da violencia... Se algo ou alguén pode salvar o mundo, son os propios cidadáns concienciados nunha educación integradora, democrática, participativa, volcada no desenvolvemento dos mais cativos como cidadáns en formación. Dende unha pedagogía sistémica que dea a cada quen o seu lugar para así garantir unha boa convivencia.




6. Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

Celebráronse dúas xuntanzas, cunha participación do 60% e 54'54% respectivamente.

1. 13/10/2011: 45,45%
2. 19/01/2012: 45,45%
3. 22/03/2012: 45,45%
4. 31/05/2012: 45,45%

Asistencia ás xuntanzas da Comisión de Equipamentos do CEMV Curso 2011-2012



A Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa traballou durante o curso 2011-2012 na liña iniciada no curso anterior. Os temas que se trataron durante todo o ano son os que seguen:

Data	
13/10/11	• Definir o plan de traballo da comisión para o curso académico 2011-2012 centrado en catro eixos: • Mapa escolar • Comedores escolares • Instalacións deportivas • Mantemento e infraestruturas • Elaborar unha proposta para que a Presidenta se interese pola carta enviada ao Reitor. • Elaborar unha moción coa colaboración de Foanpas esixindo á Xunta que asuma o control dos comedores. • Revisar o texto da moción da Presidenta sobre Política Educativa da Xunta de Vigo.
19/01/2012	1. Petición de informes á Concellería de Educación sobre a situación das EI municipais, os comedores escolares, sobre infraestruturas de centros concertados, sobre uso de instalación do IMD, e sobre competencias en mantemento e infraestruturas do Concello. 2. Proposta sobre a elaboración do mapa escolar axeitado.
22/03/2012	1. Comézase a traballar nun documento no que se recollan diferentes peticións que xa se lle fixeron á Consellería de Educación coa intención de presentalo no próximo Pleno. (Peches de EI, necesidade de renovación de infraestruturas, ampliación da rede de transporte escolar,...)
31/05/2012	1. Remátase a preparación da moción da Comisión de Equipamentos instando á Consellería a que tome diferentes medidas no ámbito educativo.

7. Difusión e comunicación mediática

De acordo co *artigo 2.1* do Regulamento orgánico de organización e funcionamento, o CEMV ten entre as súas finalidades ofrecer a máis ampla información sobre a súa actividade e sobre a situación actual do ensino no ámbito municipal. Así mesmo, “a Presidencia disporá que, de cada sesión do Pleno do Consello, se redacte unha nota informativa, referida fundamentalmente aos acordos tomados, co obxecto de comunicar á opinión pública, a través dos medios de comunicación social e da páxina web do Concello de Vigo, as actividades e posicións do Consello Escolar Municipal de Vigo” (*artigo 20.7*).

En relación con estas cuestións, desenvolvéronse as seguintes actuacións de difusión e comunicación mediática:

7.1 Comunicación mediática:

Enviáronse dúas notas informativas cos seguintes titulares:

- 04/11/2011: **Reunión do Pleno do Consello Escolar Municipal do 3 de novembro de 2011.** *O Consello Escolar Municipal de Vigo, en sesión plenaria de 03 de novembro de 2011, acorda reprobado a política educativa da Xunta de Galicia e levou a votación os plans de traballo anuais presentados polas comisións de traballo.*
- 18/04/2012: **O Consello escolar Municipal de Vigo, CEMV, organiza as “Xornadas sobre convivencia escolar”** *A celebrar durante os días 4 e 5 de maio no Paraninfo do IES Santa Irene, serán un lugar para a reflexión, o intercambio de experiencias e a posta en común de estratexias que permitan afondar na prevención e encarar satisfactoriamente as diferentes situacións de conflito que se produzan no ámbito educativo*

7.2 Comunicación a entidades públicas:

As actas –unha vez aprobadas- e acordos das sesións plenarias do CEMV enviáronse ás seguintes entidades:

- Ao Gabinete de Alcaldía do Concello.
- Aos grupos políticos do Concello.
- Ao Consello Escolar de Galicia.
- Ao Xefe Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Á Consellería de Educación, cando se estime oportuno.

Asemade enviouse **certificación** dos seguintes **acordos** tomados nas sesións plenarias á Delegada Territorial, ao Xefe Territorial e ao Conselleiro Educación:

- Acordo de aprobación da moción presentada por FOANPAS solicitando á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que asuma a xestión dos comedores escolares da cidade de Vigo e que leve a cabo os arranxos precisos e as medidas oportunas para adecuar os espazos aos usuarios e ás necesidades do servizo.
- Acordo de aprobación da proposta da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa de transmitir á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a necesidade de elaboración dun mapa escolar axeitado para o Concello de Vigo. (Pleno 16/02/2012)
- Acordo de aprobación da proposta presentada pola Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa referente á necesidade de rediseñar a política educativa, de forma que se aposte claramente por un servizo público que non cubre actualmente toda a demanda educativa de Vigo (Pleno 28/06/2012)

7.3 Información e comunicación coa comunidade educativa:

O **correo-e** cemv@vigo.org foi a referencia para centralizar información entre os/as distintas representantes no Cemv, pois é o correo que se utiliza para facer as convocatorias e aclarar cuestións.

A través do **correo-e** e do **correo ordinario** fíxose chegar a tódolos Centros educativos do Concello de Vigo e as Facultades de Educación da Universidade de Vigo un saúda da Presidenta do CEMV co programa e o convite para asistir ás Xornadas sobre convivencia Escolar. (Ver Cronograma de difusión e inscrición, pax.9)

A **páxina web** do CEMV (www.cemv.vigo.org) concíbese como unha plataforma de información sobre a actividade do CEMV á comunidade educativa. Nela recóllese a documentación derivada das xuntanzas (actas e acordos) e un apartado de novas relacionadas co Consello. Así mesmo, constitúe unha ferramenta de comunicación bidireccional, xa que permite á comunidade educativa transmitir comentarios sobre as novas publicadas, e trasladar suxestións, opinións e propostas ao CEMV.

Deuse cobertura no **blog** do Cemv a 13 novas, tendo especial relevancia as referentes ás Xornadas Municipais sobre Convivencia Escolar.

27/09/2011	125 Aniversario da Creación da Escola de Artes e Oficios
17/10/2011	I Xornadas de Interculturalidade organizada por FOANPAS
07/11/2011	O Consello Escolar Municipal de Vigo reuniuse o 3 de novembro en sesión plenaria
25/11/2011	Xornada "Como axudar aos teus fillos e fillas a estudar"
01/03/2012	A Concellería de Educación estrea unha nova web con toda a información sobre os centros públicos e concertados de educación infantil, primaria e secundaria do Concello
02/03/2012	Xornadas de portas abertas nos centros educativos públicos de Vigo
18/03/2012	Matriculación Escolas Infantís Municipais
12/04/2012	Xornadas sobre Convivencia Esolar
12/04/2012	Formulario de inscrición Xornadas sobre Convivencia Escolar
08/05/2012	O paraninfo do IES Santa Irene acolleu durante os días 4 e 5 de maio con notorio éxito as Xornadas Municipais de Convivencia Escolar do CEMV
15/05/2012	As imaxes das I Xornadas sobre Convivencia Escolar do Concello de Vigo
30/05/2012	As escolas municipais de música e artes escénicas celebran o Festival de Fin de Curso
11/06/2012	Listados de admitidos e listas de agarda das escolas infantís municipais para o curso 2012-13

Na páxina web do Cemv habilitouse unha etiqueta especial chamada **Xornadas Convivencia** que inclúe a seguinte información:

- Discurso inaugural I Xornadas de Convivencia Escolar
- Conferencia inaugural: Javier Urra
- Conferencia: Historia e andares do programa "Aprender a Convivir". Experiencia do I.E.S. de Teis
- Exposición de experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV en materia de convivencia en diferentes Centros Educativos
- Mesa redonda: "Cara a un Plan de Convivencia Municipal. Unha visión compartida"
- Conclusións das Xornadas sobre convivencia escolar

Anexos

Membros do CEMV (actualizado no último Pleno do curso 2011-2012)

Pleno	
Presidenta: Raquel Díaz Vázquez (Concelleira de Educación) Vicepresidente: Xan F. Centrón Montero Secretario: Pedro Mº Vázquez Iglesias	
Sector docente	
Antonio Madrid Riskey Mª del Carmen Lorenzo Vila Marina Pérez Costas Xesús Rodríguez Amil Santiago Rodríguez Sánchez Rafael Domínguez de la Iglesia Isabel López Lorenzo Adolfo Gálvez Pazos Pedro Nozal Cantarero Tereixa Otero Dacosta	Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia CIG-Ensino CIG-Ensino CIG-Ensino UXT UXT FSIE Galicia USO STEG
Sector usuarios/as	
Iago Fernández Fonseca Mª Bertila Fernández Pérez Juan José Piñeiro Martínez Beatriz Blanco Bastos José F. Rodríguez Pérez Mª Dolores Iranzo Simo Mª Cristina de la Calle Rodríguez Julia Fernández Casado Silvana Mª Moscoso Pérez Cynthia B. Pereira Romero	FOANPAS FOANPAS FOANPAS SURGAPA SURGAPA SURGAPA ALUMNA (EPAPU Berbés) ALUMNA (IES do Castro) ALUMNA (CPR Mendiño) ALUMNA (CPR Mª Inmaculada)
Sector social	
Olga Alonso Suárez Manuel Rodríguez González Consuelo Martínez García Joaquín Pereira Somoza Cipriano Luis Jiménez Casas José A. Fernández Rodríguez Xan F. Centrón Montero Franciso Piñeiro Lorenzo Ángeles Arias Miño Rodrigo Romaní Blanco	Director/a centros públicos primaria Director/a centros públicos secundaria Central sindical (non ámbito educativo) Titular centros privados CERMI-Galicia Confederacións de empresarios de Vigo Especialista en educación Federación Veciñal Eduardo Chao Consello Municipal da Muller Ensinanzas artísticas
Representante da Administración Educativa	
Gonzalo Fernández Fernández	

Comisión Permanente	
Presidenta: Raquel Díaz Vázquez (Concelleira de Educación) Vicepresidente: Xan F. Centrón Montero Secretario: Pedro Mª Vázquez Iglesias	
Vogal do sector docente	Santiago Rodríguez Sánchez
Vogal do sector usuarios/as	Mª Bertila Fernández Pérez
Vogal do sector social	Olga Alonso Suárez
Presidenta da comisión pedagóxica	Mª del Carmen Lorenzo Vila
Presidenta da comisión de equipamentos	Tereixa Otero Dacosta

Comisión Pedagógica e de Innovación Educativa

Presidenta: M ^a del Carmen Lorenzo Vila Secretaria: Iago Fernández Fonseca Vogal: Manuel Rodríguez González	
Sector docente	Pedro Nozal Cantarero Marina Pérez Costas Rafael Domínguez de la Iglesia
Sector usuarios/as	Beatriz Blanco Bastos M ^a Bertila Fernández Pérez
Sector social	Rodrigo Romaní Blanco Cipriano Luis Jiménez Casas Joaquín Pereira Somoza

Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa

Presidenta: Tereixa Otero Dacosta Secretario: Olga Alonso Suárez Vogal: José F. Rodríguez Pérez	
Sector docente	Isabel López Lorenzo Santiago Rodríguez Sánchez
Sector usuarios/as	M ^a Dolores Iranzo Simo Juan José Piñeiro Martínez
Sector social	Joaquín Pereira Somoza Cipriano Luis Jiménez Casas José A. Fernández Rodríguez M ^a Cristina De La Calle Rodríguez

Relación de altas e baixas durante o curso escolar 2011-2012

Presidencia	Baixas	Altas
Presidenta	Laura López Atrio	Raquel Díaz Vázquez
Secretario	Rafael Ojea Pérez	Pedro M ^a Vázquez Iglesias

Sector Docente	Baixas	Altas
USO	Isidro Amoedo Rodríguez	Pedro Nozal Cantarero
STEG	Mercedes Alonso Padrón	Tereixa Otero Dacosta
UXT	Jesús Antonio Camino	Isabel López Lorenzo
UXT	María López Bolaño	Rafael Domínguez de la Iglesia

Sector Usuarios	Baixas	Altas
FOANPAS	Mónica Touza Troncoso	Iago Fernández Fonseca
FOANPAS	Xosé Manuel Pena Gayo	Juan José Piñeiro Martínez

Sector Social	Baixas	Altas
Director/a centros públicos primaria	Alfonso Guitián Álvarez	M ^a Olga Alonso Suárez

Asistencia técnica	Baixas	Altas
	Sofía Riveiro Oliveira	Ana Isabel Castro Davila

Renovación regulamentaria de membros do CEMV


Segundo se recolle no artigo 7 do regulamento do CEMV, os/as conselleiros/as perderán a súa condición de membros do CEMV por algunha das seguintes causas: a) Expiración do prazo do seu mandato. **A renovación dos cargos farase por metades cada dous cursos, a excepción do grupo de alumnos/as que se renovará cada dous anos na súa totalidade.**

No último Pleno do curso 2011-2012 iniciouse este proceso de renovación acordando que no curso

seguinte se renoven os seguintes membros:

- No sector docente renovarase un representante de cada un destes sindicatos: CCOO, CIG, UXT, STEG, FSIE
- No sector usuarios renovaranse dous membros de FOANPAS e un de SURGAPA.
- No sector social renovaranse os seguintes representantes: Director/a centros públicos secundaria, Central sindical (non ámbito educativo), Titular centros privados, Consello Municipal da Muller, Ensinanzas artísticas

Asistencia aos plenos do CEMV no curso 2011-2012 (3 plenos)



Algunhas imaxes do curso 2011-2012



Comisión Pedagóxica_13/12/2011



Último Pleno_ 28/06/2012



Comisión Equipamentos_13/10/2011



Acto de inauguración das Xornadas
Convivencia



Comisión Permanente_ 20/10/2011



Exposición de boas prácticas nas Xornadas
Convivencia



Pleno_16/02/2012



Conferencia "Historia e andares do programa
Aprender a Convivir_ Xornadas Convivencia

4.- Informes e plans de traballo das comisións do CEMV

Informe da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

Eugenio de la Iglesia Delgado preséntase como o novo Presidente desta Comisión e incide sobre o exposto con anterioridade polo secretario do CEMV con referencia á nova composición desta comisión. Informa de que ao ser os tres membros novas incorporacións, tratarán de pórse ao día o antes posible e continuar co traballo comezado pola anterior comisión. Eugenio presenta o plan de traballo para o curso 2012-13 que se centrará na creación do *Seminario permanente Suso Jares*, co que se pretende dar continuidade ás I Xornadas Municipais de Convivencia Escolar.

PLAN DE TRABAJO 2012-2013

No Plan de traballo co que a Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa comezou a súa andadura no ano 2010 indicaba que centraría “os seus esforzos na análise e revisión da convivencia escolar, para obter unha escola de valores, unha cidadanía crítica e responsable, e unha sociedade máis xusta”.

Durante o período que agora se inicia darémoslle continuidade ao traballo feito por esta comisión en prol da convivencia coa posta en marcha do **seminario permanente Suso Jares**.

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa traballa desde o ano 2010 seguindo tres eixos estratéxicos: convivencia, participación e innovación educativa. Co fin último de desenvolver o Plan de Convivencia Escolar Municipal do Concello de Vigo, esta comisión leva desde a súa constitución realizando diferentes accións que contribúan a sentar as bases deste.

As accións levadas a cabo ata o de agora son:

Curso 2010-2011

Informar á comunidade educativa do Concello de Vigo da busca de boas prácticas a través dunha convocatoria pública. Esta primeira iniciativa serviu para estudar a realidade e tomar o pulso das experiencias que se fan neste campo na cidade.

Curso 2011-2012

Organización das Xornadas municipais de Convivencia escolar. Esta iniciativa pretendeu dotar á comunidade escolar de diferentes ferramentas didácticas para poder previr aquelas situacións que

dificulten a convivencia. Durante estas xornadas visibilizáronse as boas prácticas recollidas durante o curso anterior.

Curso 2012-2013

O obxectivo principal para este curso é o da posta en marcha dun seminario permanente sobre convivencia no que se integren membros de toda a comunidade educativa.

Denominación

Seminario permanente Suso Jares

Elixíuse ese nome como homenaxe a Suso Jares, impulsor do programa “Aprender a Convivir” do Concello de Vigo, que traballou de xeito incansable para sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia de educar nuns principios que propicien as relacións humanas, sustentadas no respecto e na non violencia.

Sentido do seminario

Este seminario pretende ser un foro de discusión e debate no que se intercambiarán diferentes perspectivas e experiencias sobre cuestións fundamentais para que no Concello de Vigo contemos cunha educación inclusiva e de calidade.

Temporalidade

A posta en marcha deste seminario farase durante o curso académico 2012-2013 pero coa idea de que sexa unha actividade que continúe no tempo, converténdose nun espazo dinamizador e de achega de propostas que contribúan á configuración do contido do Plan de Convivencia Escolar Municipal.

Os prazos a cumprir no curso académico vixente son:

- 1º trimestre: análise da realidade actual. Busca de información sobre outros programas e experiencias similares.
- 2º trimestre: definir e deseñar como se ha de facer o seminario, localización, método de xuntanza, temáticas a tratar, convocatoria, difusión,...
- 3º trimestre: Desenvolvemento de seminarios

O Seminario permanente Suso Jares e as Xornadas Municipais sobre Convivencia Escolar

Este seminario alimentarase da experiencia das Xornadas celebradas o pasado mes de maio pero ao mesmo tempo será a fonte da que xurdirán ideas para a organización das II Xornadas que se celebrarán durante o curso 2013-2014.

Plan de traballo da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

Tereixa Otero, Presidenta da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, comenta que se reuniron no mes de outubro e que fixeron balance de todo o feito

durante o curso pasado. Nesta xuntanza organizaron o traballo para o curso 2012-13 establecendo o seguinte plan de actuacións:

PLAN DE TRABALLO 2012-2013

Atendendo ás liñas de traballo que no curso pasado comezamos e apreciando a necesidade de seguir con elas, por estar en plena vixencia no sistema educativo da cidade, no curso que comeza, ímonos centrar nos seguintes campos:

1. Infraestruturas
2. Liñas de Transporte
3. Mapa Escolar
4. Visibilización dos acordos aprobados en Pleno

Competencias da comisión

Establecemos 4 grandes bloques de actuación:

1. **Infraestruturas**, facer un estudo das necesidades máis urxentes e primarias dos centros públicos da cidade a nivel de edificios, dotacións e accesos, retomando aqueles casos nos que levamos anos estancados como é o CEIP Altamar, falta de oferta educativa pública no centro da cidade, atención aos ciclos non obrigatorios (EEI de 0 a 3 anos e a FP).
2. **Liñas de Transporte**, facer un estudo das liñas de transporte escolar analizando as deficiencias e propondo alternativas que garantan a igualdade e a distribución igualitaria deste recurso.
3. **Mapa Escolar**, retomar o tema da zonificación na liña de optimizar recursos e resolver as deficiencias da escola pública.
4. **Visibilización dos acordos aprobados en Pleno**: Metodoloxía á hora de visibilizar os acordos e reivindicacións das mocións aprobadas nos Plenos do Consello Municipal de Educación.

Procedementos

- ✓ **Forma de convocatoria**: a través da asistencia técnica. Será a presidenta da comisión quen envíe a esta a orde do día.
 - ✓ **Réxime de xuntanzas**: non se estableceu unha periodicidade. Desenvolveranse en función da carga de traballo da comisión.
 - ✓ **Antelación**: marcar en cada reunión a seguinte xuntanza.
 - ✓ **Toma de decisións**: procurarase o consenso. De non ser posible o voto exercerase, en primeira instancia, por todos os membros da comisión, e en último caso polas 3 persoas de pleno dereito.
-

5.- Propostas de mocións

- **Proposta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa parara que Vigo se converta nunha cidade máis inclusiva.**

A Comisión Pedagóxica convida a Mariña López, una das nais que pertence á Comisión de Necesidades Específicas de Apoio Educativo de FOANPAS a presentar esta proposta. A continuación transcríbese a intervención íntegra de Mariña López:

“A Comisión de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) é un grupo de traballo constituído na Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS). Esta comisión de traballo está formada por familias e algún especialista colaborador que estamos a vivir o día a día da realidade das persoas con diversidade funcional.

O noso obxectivo común é a INCLUSIÓN real no eido socioeducativo, que vai máis alá da mera integración en centros de ensino ordinario. Entre os obxectivos fundamentais atópase o de adquirir conciencia e sensibilizar das necesidades das persoas con diversidade funcional, da igualdade de oportunidades e da accesibilidade universal, así como concienciar e assimilar a importancia de incorporar na práctica profesional criterios que permitan que calquera persoa, con independencia das súas capacidades, poida disfrutar de todos os produtos ou servizos. *Ley 51/2003, de 2 de diciembre, de Igualdad de Oportunidades, No Discriminación y Accesibilidad Universal de las personas con discapacidad (LIONDAU) donde se establece la obligatoriedad de desarrollar el currículo formativo en materia de “diseño para todos” en todos los programas educativos, incluídos los universitarios.*

Posto que os nenos e nenas con diversidade funcional tamén xogan, senten e VIVEN, é unha necesidade introducir nos servizos municipais da nosa cidade, a perspectiva inclusiva cando se están a programar, a ofertar, a deseñar e implementar accións e servizos para todos, tanto para os nenos e nenas “convencionais” como para os que teñen algunha discapacidade. Todos mesturados! Isto é moi importante para que uns e outros interactúen, que se motiven xuntos, de tal modo, que aprendan unha lección vital como é a convivencia baseada no respecto cos que son diferentes.

A realidade das familias con algún membro con discapacidade é complicada, posto que recortan sen piedade recursos sociais, educativos, sanitarios, e temos que facer fronte, con moito esforzo, a terapias básicas para o seu desenvolvemento e autonomía

(as terapias de rehabilitación). E se queremos que disfruten doutras actividades xunto algún irmán como clases de natación, música, teatro ou o lecer nos mesmos parques, e que teña a oportunidade de acceder a estes servizos, atopámonos sempre con obstáculos, ou ben, con algunha prima extra que abonar máis. Temos que concienciarnos de que eles forman parte da nosa comunidade e que queremos convivir xuntos.

Por iso, o noso grupo de traballo en torno á “Accesibilidad universal” o longo do ano 2012, vén demandando en concreto no ámbito da Concellería de educación:

- **Área de Educación**

a. Creación de prazas e de actividades adaptadas a nenos/as con minusvalía nas Escolas Municipais de música, teatro e danza. Dotándoas de persoal docente se fora preciso e necesario para atender a estes nenos que teñen todo o dereito de participar nos servizos ofertados polo Concello. Consideramos prioritario que esta Concellería oferte en igualdade de condicións prazas para os nenos con diversidade funcional, é dicir, con algunha discapacidade psíquica, sensorial o cognitiva.

b. Atención a nenos/as con diversidade funcional nas escolas infantís.

Non entendemos como unha administración que oferta un servizo á cidadanía é capaz de rexeitar a un rapaz/a que obtén praza nunha escola infantil municipal porque o seu nivel de dependencia é alto. Solicitamos desta Concellería de Educación que mellore a rede de escolas infantís e, se é preciso, contemple persoal especializado en nenos/as con alta dependencia pero non DISCRIMINALOS e apartalos porque tampouco é doado o acceso destes rapaces/as a garderías privadas.

Asemade solicitamos a revisión do Baremo ingreso **Escolas Infantís Municipais, valorando** o criterio de atención a nenos/as con necesidades por enriba das rendas familiares.

c. Orientador educativo.

Ata Cando imos a estar sen servizo de orientador municipal ofertado pola Concellería De Educación? Consideramos de primeira necesidade ter un pedagogo escolar ou un psicopedagogo para a figura de orientación escolar, que ademais sería quen de informar e aconsellar a familias con e sen necesidades educativas especiais.

d. Incorporar a lingua de signos nos programas educativos, alomenos nas clases extraescolares dos centros de ensino público, xa que non debemos esquecer que é unha lingua oficial, que axuda nos procesos de lectoescritura e nos procesos de comunicación.

e. A **adecuación das infraestruturas** dos centros escolares (para as persoas con mobilidade reducida)e outras adaptacións con indicacións nos propios centros a base de pictogramas (básico para a comprensión das persoas con autismo).

f. Desde FOANPAS estamos a realizar una enquisa nos centros escolares de Vigo para coñecer o número ou a porcentaxe de alumnos neae, solicitamos a colaboración de todos os centros para coñecer e cuantificar a realidade do noso colectivo como base do noso traballo.

g. A **concienciación** por parte de todo o persoal dos centros educativos de que os nenos con diversidade funcional non son alumnos de 2ª categoría e que teñen dereito a desenvolverse como todos os demais. Non queremos escusas de que non están formados para atendelos. Por elo, dende FOANPAS ao longo de 2013 faremos unha “Xornadas pola inclusión” enfocadas a toda a comunidade educativa.

Ademais a comisión traballa noutros eidos, todos eles co mesmo fin: a inclusión e a igualdade de oportunidades.

- Dotar os espazos de lecer de Vigo de columpios adaptados para que ningún neno quede sen columpio. Nestes intres en todo Vigo hai un só columpio adaptado (no parque de Bouzas).
- Solicitamos tamén a ampliación do número de prazas para nenos/as nos cursos de natación e a adaptación das súas infraestruturas, e persoal especializado sen que supoña un incremento da cota.
- Demandamos máis recursos ás Anpas para a contratación de persoal especializado en actividades extraescolares axeitadas ás distintas minusvalías.
- Non máis trámites burocráticos para os usuarios das tarxetas de aparcamento.
- Que se incorpore o bucle magnético no auditorio do Concello (para as persoas con implantes ou audífonos).

Non queremos parques específicos para eles, nin escolas diferenciadas para eles, non queremos campamentos de verán específicos para eles, non queremos que un irmán con diversidade funcional quede fóra da actividade vendo como o seu irmán maior participa. O que queremos é construír unha sociedade máis igualitaria e inclusiva que vele polos seus intereses para contribuír ó seu pleno desenvolvemento e capacidades, que son moitas.

E todas estas medidas co obxectivo de loitar por unha sociedade máis xusta..con todos, como todos.”

Trala intervención de Mariña López, Tereixa Otero asegura que apoia totalmente o dito e que ademais este é un tema que tamén ocupa directamente á Comisión de Equipamentos, sobre todo cando fala de infraestruturas adaptadas, transportes adaptados,...

Bertila Fernández comenta que esta comisión está a facer un traballo moi intenso xa que o día a día destas familias é moi complicado. Lembra que é necesario que a administración competente dote aos centros de persoal de apoio porque se están a encontrar con situacións moi desagradables nas que as vítimas son os nenos. Comenta que nos comedores escolares están intentando poñer coidadores xa que consideran que estes nenos tamén teñen dereito a usar este servizo. Bertila informa de que a Comisión de Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) leva traballando 12 anos e de que ao longo destes foi acadando pouco a pouco diferentes obxectivos prantexados e solucionando problemas que foron xurdindo.

Raquel Díaz comunica que, neste sentido, o Concello de Vigo está a dar pasos para que estes nenos teñan as mesmas facilidades que o resto. Así, explica, nalgúns centros instalaron ramplas de acceso, nas Xornadas de teatro escolar incorporouse a centros coma o CEIP Seis do Nadal participando como actores nenos con necesidades educativas especiais,... Pensa que aínda que queda moito camiño por andar, desde o Concello sempre van apoiar estas iniciativas.

Trala intervención Mariña López abandona a xuntanza, e os membros da Comisión presentan a seguinte proposta acompañada do Dossier de accesibilidade que se achega.

ANTECEDENTES

A Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa ten entre os seus obxectivos traballar en prol da Convivencia, entendida de forma ampla, englobando programas de integración, de prevención e de atención ao alumnado con problemáticas diversas, para unha educación de calidade e inclusiva.

Subscribimos as palabras dos pais e nais que queren “que os nenos e nenas da cidade de Vigo crezan vivindo a diversidade real do mundo e compartindo experiencias que lles posibiliten ser cidadáns con plenos dereitos, autónomos e competentes”

TEXTO

Por isto demandamos o COMPROMISO de que as concellerías do Concello de Vigo teñan visión de conxunto e traballen de maneira coordinada na adaptación de espazos, instalacións e oferta de actividades para nenos con diversidade funcional.

*Achegamos o **dossier** explicativo elaborado pola Comisión Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), grupo de traballo constituído na Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS). Este dossier presentouse o 13 de marzo de 2012 ao Sr. Alcalde, D. Abel Caballero, pero a Comisión Pedagóxica quere que se retomen estas peticións e se loite por facer unha cidade máis inclusiva.

*DOSSIER DE ACCESIBILIDADE:

CON TODOS, COMO TODOS.

Getxo, Navarra, Madrid, Zaragoza e Santiago de Compostela, entre outras, son cidades que contan con parques infantís adaptados e servizos municipais inclusivos, non só en canto a mobiliario e elementos de xogo, senón tamén en canto a acesos, atencións, opcións múltiples e variadas...

Posto que os nenos e nenas con diversidade funcional tamén xogan, senten e VIVEN, é unha necesidade introducir nos servizos municipais da nosa cidade, a perspectiva inclusiva cando se están a programar, a ofertar, a deseñar e implementar accións e servizos ofertados para todos, tanto para os nenos e nenas "convencionais" como para os que teñen diversidade funcional. Todos mesturados! Isto é moi importante para que uns e outros podan xogar, interactuar, motivarse e coñecerse xuntos.

" Queremos SERVICIOS para todos. Queremos que os nenos e nenas da cidade de Vigo crezan vivindo a diversidade real do mundo e compartindo experiencias que lles posibiliten ser cidadáns con plenos dereitos, autónomos e competentes"

Os nosos fillos teñen o dereito de ir ao cole, cos seus comedores e actividades extraescolares con todos e como todos. O dereito de participar en campamentos urbáns con todos, como todos. De practicar deporte nas instalacións deportivas municipais con todos, como todos. De divertirse no parque máis próximo á súa casa con todos e como todos.

Hoxe, en moitos casos, os meniños con mobilidade reducida de Vigo quedan sentados nos parques mirando cómo os seus irmáns e compañeiros xogan. **¿POR QUE?**

Os columpios adaptados poden utilizalos TODOS os rapaces. A estimulación que aportan os parques infantís é fundamental para todos os nenos. Para os que teñen algunha lesión cerebral, simplemente son cruciais para o seu desenvolvemento psicomotor. Nestes primeiros anos de vida dirimíranse dilemas importantes como se conseguirán andar, comprender, comunicarse, etc... e o modo en que o farán. Necesitan TODA a estimulación que lles podamos aportar durante a etapa da neuroplasticidade.

En todo Vigo hai un só columpio adaptado (no parque de Bouzas), ao que lamentablemente, meses despois da súa instalación, xa lle faltan os arneses de seguridade. Cremos que esta situación pode mellorar con só un pouco de CONCIENCIACIÓN por parte do Concello de Vigo. Isto require abandonar prexuízos como que os nenos especiais son cousa de benestar social. As concellerías ampáranse nesa aproximación de exclusión para non exercer as súas responsabilidades respecto dos usuarios dos servizos públicos con mobilidade reducida. Que se ocupen "os do social". Resultado: nin parques inclusivos, nin campamentos urbáns inclusivos, nin actividades extraescolares inclusivas e en precario en todo o demais.

Os nosos fillos son COMO TODOS en dereitos, deberían poder utilizar os servizos públicos CON TODOS, COMO TODOS.

COMISIÓN NEAE

A Comisión Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) é un grupo de traballo constituído na Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos de Vigo e Comarca (FOANPAS). Esta comisión de traballo está formada por preto de 15 familias e algún especialista colaborador que están a vivir o día a día da realidade das persoas con diversidade funcional.

Este grupo de traballo parte das convivencias e experiencias individuais e colectivas que están a experimentar no quefacer diario dos seus nenos e nenas con diversidade funcional no ámbito escolar. Dende as súas vivencias en centros de ensino público e privado-concertado, enténdese que hai un obxectivo común que é a INCLUSIÓN real no eido socioeducativo, que vai máis alá da mera integración en centros de ensino ordinario. Baixo un clima de colaboración, afecto, motivación e acollida, facemos valoracións do sistema escolar da cidade en referencia aos escolares con necesidades específicas de apoio educativo. Nesta comisión analízanse os textos legais que regulan as atencións a estes discentes e as súas familias, compártense experiencias e apórtanse ideas de cara a combater o inmovilismo social e promover a resolución de conflitos xerados na intervención, ou deixadez, para/con nenos e nenas con diversidade funcional.

Formamos un equipo de traballo implicado, activo e autónomo que funciona baixo o paraugas da sensibilidade e o tacto pedagóxico traballando a prol dunha mellor atención a estas pequenas persoas que máis adiante serán cidadáns adultos, autónomos e libres, en convivencia cos demais: "CON TODOS - COMO TODOS"

Día a día, semana a semana... a comisión traballa de forma totalmente autónoma a través das redes sociais e dos recursos dinámicos e colaborativos que facilita hoxe en día a rede informática da internet. O obxectivo é ir cumprindo pequenas metas integradas no proxecto de traballo definido a principios de curso ou de ano.

Mediamos en conflitos e representamos a toda a poboación escolar con NEAE co obxectivo común da INCLUSIÓN real e efectiva en todos os eidos da vida, coa pretensión de darlle voz a todas estas persoñas. Esta comisión, a través das súas voceiras, Dña. Encarna Fernández e Dña. Blanca Roig, visibilizan unha cruda realidade que están a padecer coas continuas desorientacións dunha Administración excusada no inmovilismo social e no vacío competencial da súas responsabilidades.

Este ano estamos a traballar en unha campaña de sensibilización e impacto social mediante a realización de dous vídeos que podemos editar gracias á colaboración de outras institucións coas que compartimos fins e obxectivos comúns. Do mesmo modo, empezamos un traballo de campo para elaborar un dossier de accesibilidade, recabando información co que nos gusta e o que non nos gusta, o que facilita e o que nos impide, o normal desenvolvemento do día a día na nosa cidade, en Vigo.

Estamos a preparar unha ginkana inclusiva na que TODOS E COMO TODOS, nenos e nenas con e sen diversidade funcional podan aprender uns de outros, convivir e divertirse; tamén faremos un acto público con camisetas e logos nas que se nos identifique facilmente para dar lectura a un manifesto integrador e inclusivo.

Agora mesmo, estamos a traballar na mediación coas diferentes administracións para que atendan as nosas demandas e tratar de sensibilizalos explicándolles, como nais e pais que somos, o camiño que estamos a facer e elaborando propostas, sinxelas e de custe cero ou moi reducido, que facilitarían o pleno desenvolvemento destes grandes pequenos cidadáns.

Non queremos parques específicos para eles, non queremos campamentos de verán específicos para eles, non queremos que un irmán con diversidade funcional se quede fora da actividade vendo como o seu irmán maior participa...

**PROPOSTAS PARA A VERDADEIRA POLÍTICA DE BENESTAR MUNICIPAL EN
ATENCIÓN A NENOS/AS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL.**

POLÍTICAS QUE BENEFICIAN A TODA A CIDADANÍA.

Trasládase a este Consello Local de Accesibilidade as propostas que hoxe, 13 de marzo de 2012, foron presentadas ao Sr. Alcalde, D. Abel Caballero, para que coordine a labor competencial entre Concellerías e os equipos técnicos do Concello de Vigo, empecen a deseñar, organizar e implementar accións baixo a perspectiva integradora e enriquecedora da INCLUSIÓN... *CON TODOS E COMO TODOS*.

➤ Área de Benestar (Dña. Isaura Abelairas)

a. **Consello Municipal de Accesibilidade** – Representación de FOANPAS no mesmo.

b. **Aproveitamento dos recursos públicos.** Suscribir ou promover que a Administración competente elabore plans e/ou convenios de colaboración con asociacións como Cruz Vermella, ONCE, DOWN, Menela, BATA, ANHIDA... para a contratación de coidadores/as, terapeutas/as, enfermeiros/as... que asistan os centros de ensino para favorecer a inclusión real dos nenos/as con discapacidade nos centros de ensino. COMO? Promovendo que os plans estatais, autonómicos e municipais faciliten que persoas demandantes de emprego presten estes servizos especializados nos colexios?

c. **Presión ante a Administración Sanitaria da Xunta de Galicia**

- REFORZAR O SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPRANA E PEDIATRIA DO HOSPITAL XERAL.

- Non dispoñen de psicólogo para as familias, de tal forma que son os propios rehabilitadores os que asumen esta tarefa en moitos casos. Hai que ter en conta que as familias son unha parte importantísima na terapia, é prioritario que reciban apoio e información para maximizar as posibilidades de que estes nenos/as cheguen ao seu maior nivel de autonomía posible a medida que crecen para ser adultos cidadáns plenos e competentes.
- Soamente existe unha estimuladora que atende aos nenos de 0-3 anos e teñen unha lista de agarda de 1 ano aproximadamente.
- O logopeda non atende, por norma xeral, a menores de 3 anos.
- En liñas xerais dispoñen de poucos rehabilitadores: estimuladoras, terapeutas ocupacionais, logopedas, fisioterapeutas, psicólogos...
- Non hai tratamento de hidroterapia a pesar de que o Hospital dispón dunha piscina.
- Existe un concerto sanitario con San Rafael donde as sesións de tratamento son moi cortas e insuficientes.
- Soamente hai un neurólogo infantil para toda a área sanitaria do sur da provincia de Pontevedra.

d. **Presión ante a Administración Educativa da Xunta de Galicia**

- Departamentos de Orientación propios e con persoal fixo nos centros de ensino. Non compartidos segundo o número de unidades como ata o de agora.
- Coidadores e persoal garantido en todos os centros para contribuir á verdadeira inclusión nos colexios.
- Supresión de barreiras arquitectónicas XA!
- Adicar un inspector/a unicamente á asistencia, apoio e información ás familias de nenos/as con discapacidade ou necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Desta forma se avanza no garante do cumprimento que regula os dereitos das persoas con discapacidade.

- Maior apoio en xeral ao persoal docente na atención a nenos/as con necesidades específicas de apoio educativo en xeral e necesidades educativas especiais en particular: formación, persoal especializado nas aulas, material adaptado, incremento do Equipo de Orientación Específica (EOE)...

Estas propostas foron presentadas o 13 de marzo de 2012, pero a Comisión quere que se retomen estas peticións e se loite por facer unha cidade máis inclusiva.

➤ **Área de Deportes** (D. Manuel Fernández)

a. Escolas deportivas

Organización de actividades e eventos deportivos nos que poidan participar tamén nenos/as minusválidos → inclusión e integración real

b. Piscinas Municipais.

- Ampliación do número de prazas para nenos/as con neae/nee nos cursos de natación.
- Adaptación de instalacións e infraestruturas a nenos e nenas e/ou familias con mobilidade reducida e/ou discapacidade. (Vestuarios con bancadas no espazo delimitado a persoas con discapacidade, eliminación de escaleiras...)
- Incorporación da figura do *monitor especialista* para estes nenos/as sen que supoña un incremento da cuota mensual por actividade.
- Maior control da temperatura da auga e dos vestuarios.

c. Ampliación da oferta de prazas de natación no tramo 0-3 anos con independencia de que os rapaces/as teñan ou non discapacidade. Posibilidade de oferta nesta etapa educativa para organizarse como en idades posteriores (por grupo ANPA)

d. Subvencións ás ANPAS para a contratación de empresas especializadas en **actividades extraescolares** axeitadas para escolares con minusvalías.

e. Convocatoria do Consello Escolar dos Deportes.

➤ **Área de transporte, mobilidade e seguridade** (D. Carlos Font)

- **Prazas aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida.** Incremento, mellora das condicións de acceso e sinalización. Maior control sobre os estacionamento nas mesmas.
- **Proposta tarxeta de estacionamento para minusválidos/as.** Os rapaces e rapazas menores de 3 anos non son valorados para o recoñecemento do grado de minusvalía a efectos de transporte colectivo.
Motivo polo cal as familias de nenos/as con diversidade funcional non teñen acceso ás tarxetas de estacionamento para minusválidos/as. Sen embargo si que os valoran a efectos de recoñecemento da situación de dependencia. **Propoñemos** que os nenos/as con alto grado de situación de dependencia recoñecida, teñan dereito á tarxeta de estacionamento con anterioridade a cumprir os 3 anos.

Cabe lembrar que estes nenos e nenas, con nula ou moi escasa autonomía motórica, acoden semanalmente a multitude de sesións de rehabilitación e teñen moitas máis citas médicas que calquera outro rapaz/a da súa idade.

➤ **Área de Sanidade**

a. Promover a implantación de centros atención temperá e rehabilitación para nenos/as con diversidade funcional no municipio. COMPROMISO PERSOAL DO

ALCALDE. Constitución dunha equipa multidisciplinar de especialistas en psicomotricidade, estimulación precoz, fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia, pedagogía e psicoloxía. Os ata o de agora existentes son moi poucos e carentes de apoio institucional e, polo tanto, moi caros. Nembargantes, son indispensables para completar a atención que oferta o sistema público de saúde.

- b. **Creación dun protocolo de actuación** para os casos nos que se detecta un posible diagnóstico de minusvalía infantil. Dende o primeiro momento no que a familia recibe a noticia (en numerosas ocasións en condicións de trato case inhumano, carentes de sensibilidade e empatía)... dende ese mesmo instante, comeza a espiral de precariedade asistencial, de apoio e información ás familias que dificulta a situación, xa *per* se moi difícil de asimilar. Ademais do persoal facultativo, debería haber a figura dun pedagogo/a ou unha equipa de pedagogo/a + traballador/a social que poida orientar e asistir ás familias dende o inicio.

➤ **Área de Educación** (Dña. Raquel Díaz Vázquez)

- a. **Baremo ingreso Escolas Infantís Municipais (EIM).** O baremo que regula a matrícula o acceso ás EIMs mide por unha banda as rendas familiares (nas que poden darse ata 4 puntos ás rendas máis baixas ou restar eses 4 puntos nas rendas altas) e por outra banda contémpase un apartado no eido socio-familiar no cal figura un subapartado polo cal se poden outorgar 2 puntos por minusvalía recoñecida.

As familias con nenos/as con diversidade funcional solicitamos que contemplan unha solución alternativa ou aumenten a puntuación por minusvalía xa que unha renda que estea entre o 50% e o 75% do IPREM (a cal lle corresponden 2 puntos) anularía a puntuación dada por minusvalía e, nestes casos, pensamos que non debería equipararse esas variables, senón que o criterio de atención a nenos/as con necesidades debería valorarse por enriba diso. **ADEMAIS** debería valorarse a situación de dependencia no apartado de "*outras circunstancias familiares debidamente acreditadas*", no cal poden dar ata 3 puntos.

- b. **Atención a nenos/as con diversidade funcional.** Non entendemos como unha administración que oferta un servizo á cidadanía é capaz de rexeitar a un rapaz/a que obtén praza nunha escola infantil municipal porque o seu nivel de dependencia é alto. Solicitamos desta Concellería de Educación que mellore a rede de escolas infantís e, se é preciso, contemple persoal especializado en nenos/as con alta dependencia pero non DISCRIMINALOS e apartalos porque tampouco é fácil o acceso destes rapaces/as a garderías privadas.
- c. **Orientador educativo.** Ata cando imos a estar sen servizo de orientador municipal ofertado pola Concellería de Educación?? Consideramos de primeira necesidade ter un pedagogo escolar ou un psicopedagogo para a figura de orientación escolar, que ademais sería que de informar e aconsellar a familias con e sen necesidades educativas especiais. Somos dos poucos concellos que non teñen orientador no Servizo Municipal de Educación.
- d. **Creación de actividades adaptadas a nenos/as con minusvalía nas Escolas Municipais de música, teatro e danza.**

➤ **Área de distritos, parques e xardíns** (D. Ángel Rivas)

- Necesidade de adaptación do acceso aos parques infantís e dos elementos de xogo.

Demandamos o COMPROMISO de que as concellerías teñan visión de conxunto e traballen de maneira coordinada na adaptación de espazos, instalacións e oferta de actividades para nenos cons diversidade funcional.

Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a proposta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa. Darase traslado das peticións do dossier ás Concellerías correspondentes.

- **Moción da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa sobre comedores escolares.**

Tereixa Otero presenta a seguinte moción:

ANTECEDENTES

Na xuntanza da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa, celebrada o pasado día 25 de outubro de 2012, decidimos denunciar os recortes que sufriron os comedores escolares das escolas públicas de Vigo xestionados por FOANPAS en máis dun 60%, con respecto ao orzamentado no curso anterior, situación que se ve agravada polo contexto actual de precariedade na que viven moitas das familias do alumnado en idade escolar.

Para esta comisión é unha condición básica que debe ofertar a escola pública, garantir un servizo complementario ao da educación, que asegure a igualdade de oportunidades e prestacións do ensino público fronte ao privado. Deste xeito este servizo chega a ser tan imprescindible na nosa sociedade, que nesta cidade, a falta dunha xestión administrativa dos mesmos, son postos en funcionamento en Vigo pola Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais, FOANPAS, dando un exemplo de xestión e capacidade organizativa en todos estes anos sen precedentes e sen outros exemplos similares na nosa comunidade.

TEXTO

Transmitimos á Consellería a necesidade de:

1. Manter, como mínimo actualizando, os fondos destinados a comedores.
2. Redeseñar os parámetros de puntuación dos baremos á hora de outorgar as subvencións aos comedores escolares, que estes parámetros sexan coñecidos en tempo e forma coa antelación suficiente para poder ser abarcados polas organizacións de Nais e Pais, que se ven desbordadas pola premura na entrega de documentación e na continua remodelación da lexislación referente a comedores escolares de Galiza.
3. Ter en consideración a labor desempeñada por FOANPAS na cidade máis poboada de Galiza, xa que xestiona 31 comedores fronte aos 17 que dependen directamente da Consellería.
4. Facer unha rectificación pública das acusacións vertidas pola delegada da Xunta de Galiza sobre esta Federación.

Gonzalo Fernández solicita a palabra para recoñecer publicamente e a título persoal o traballo que FOANPAS leva realizando no Concello de Vigo desde fai moitos anos e do que el é testemuña. Explica que no tema de comedores, a Consellería ten unhas limitacións orzamentarias que fan que non poida dar atendido esas demandas. Podería ser se houbera dotación suficiente, de feito, continúa, noutros concellos xa o están facendo e espera que algún día se poida facer no Concello de Vigo.

Bertila Fernández lembra que no caso dos comedores, e independentemente das competencias da administración, o que si é certo e que as nais e pais xa non poden seguir asumindo esta xestión primeiro porque é unha responsabilidade demasiado alta. Explica que non só hai que encargarse de que os nenos coman, senón de que o fagan de xeito adecuado, hai que velar porque o fagan en espazos dignos, hai que manter reunións coas empresas de catering, hai que vixiar as dietas especiais que teñen algúns nenos, hai que mediar nos conflitos que xorden,... Afirmo que en FOANPAS están adquirindo unha profesionalidade na xestión de comedores que non é da súa competencia, chegando en ocasión a poñerse en risco por asumir cousas que non deberían. Ademais lembra que desde o primeiro momento no que se fixeron cargo dos comedores, lle levan pedindo á Consellería que fosen traballando para ir asumindo a xestión. Fai uns anos a Xunta asumiu 9 pero faltan moitos, e agora os comedores asumidos e os outros son diferentes, os prezos son diferentes, e os nenos da escola pública teñen os mesmos dereitos... Por último pensa que pedirlle ao Concello de Vigo que aporte máis diñeiro para comedores do que está a poñer é inviable. Para rematar a súa intervención, Bertila Fernández agradece o recoñecemento á labor de FOANPAS que acaba de facer Gonzalo Fernández.

Xesús Rodríguez comenta que para el non é aceptable o ataque directo que fixo a Delegada Territorial, xa que as Anpas están a facer un traballo enorme e innegable. É certo que hai recortes pero a el gustaríalle saber que gasto lle supoñen á Xunta os 17 comedores que ten asumidos e canto aforra cos 31 que xestiona Foanpas. Gustaría lle desde aquí animar á Federación á que seguise adiante co gran labor que están a facer e pedir que desde o CEMV se siga facendo defensa dos comedores e de FOANPAS.

Olga Alonso di que xa non é o valor do que fan senón que, co seu traballo, están suplindo á administración, xa que esta non asume o que ten que facer. Fan un traballo que ninguén está cobrando e encima parece que o están desprezando. En canto ás palabras da Delegada territorial, quere dicir que non só FOANPAS e Bertila se sentiron

agraviadas, senón que todo o ensino público se sentiu insultado. Ela di que persoalmente se sentiu insultada porque con aquelas declaracións se dicía que os nenos do centro que ela dirixe non estaban ben alimentados, e iso é totalmente falso.

Santiago Rodríguez apoia todo o dito ata o momento. Pensa que os gobernantes, noutras esferas ben próximas, falan da competitividade e neste caso se están esquecendo completamente do que supón de valor engadido ao servizo educativo que se oferta desde os propios centros, que dependen destas mesmas administracións, o servizo de comedores, de transporte,...

Iolanda Veloso lembra que o que motivou a creación deste servizo foi a necesidade de conciliar a vida laboral coa familiar para moitas persoas, sobre todo para as mulleres, que son as principais implicadas neste servizo, empezando por Bertila. Este servizo como fundamental que é para a conciliación debe ser promovido, e máis nun momento especialmente difícil no mercado laboral. Os comedores permiten a flexibilización necesaria para que as nais e pais poidan facer unha busca activa de traballo. Ademais tamén se demostrou que para moitas familias, os comedores son o único recurso que teñen para que os seus fillos e fillas coman en condicións, e que nenos e nenas que son bolseiros do comedor fan unha única comida ao día, a que fan nos centros. Por iso, aínda que é un servizo complementario, cada vez é un servizo máis necesario, e incluso imprescindible. Pensa que a día de hoxe si é certo que hai unha situación de recortes orzamentarios pero houbo un momento no que os recursos económicos públicos eran superiores, e naquel momento tampouco se asumiu esta xestión. Por iso, pensa que non só é unha cuestión de cartos, senón que tamén é unha cuestión ideolóxica. Aproveita para dicir que como nai usuaria do servizo tamén se sentiu insultada coas palabras da Delegada Territorial. Agradece o inmenso labor que se fai desde FOANPAS e declara que apoia totalmente a moción presentada.

Raquel Díaz súmase a todo o dito. En primeiro lugar quere mostrar o apoio explícito á moción presentada. Quere tamén apoiar á FOANPAS e aos pais e nais aos que lles agradece o seu labor desinteresado. A Presidenta manifesta o total desacordo coas declaracións da Delegada Territorial tanto polas formas como polo fondo, e tamén o desacordo polo dito aquí polo representante da Administración Educativa, xa que as limitacións orzamentarias son para todos, todas as administracións as sofren, pero é cuestión de prioridades. E é precisamente por isto que o Alcalde lle pide que faga constar aquí o compromiso de incorporar nos orzamentos municipais do próximo ano 180.000€ para bolsas de comedores, a cantidade retirada pola Xunta para tal fin.

Acordos adoptados

Apróbase a proposta da Comisión de Equipamentos para ser remitida á Consellería de Educación co seguinte resultado:

13 votos a favor, 0 en contra, 1 abstención.

7.- Rogos e preguntas

Iolanda Veloso comenta que ela chegou á presente xuntanza plenaria á hora indicada para a primeira convocatoria e se encontrou con que só estaban as persoas que coma ela son novas no órgano. Indica que, ao chegar, se enterou de que neste órgano hai como costume chegar á segunda convocatoria, cousa que fai que se perda tempo. Tendo en conta que entre as dúas convocatorias hai 30 minutos de diferenza, ela **fai a petición de que se alcance un acordo para que todo o mundo chegue á mesma hora ás xuntanzas plenarias e uns non teñan que esperar polos outros**. Propón que se ten que haber dúas convocatorias se estableza unha diferenza entre as dúas de 5 ou 10 minutos. Manuel Alonso apoia totalmente a petición de Iolanda.

Pedro M^a Vázquez prantexa dúas posibilidades, a de facer unha convocatoria única ou a de facer dúas cun intervalo de tempo menor entre elas. Xan Centrón lembra que ten que existir sempre dúas convocatorias xa que o quorum cambia segundo sexa nunha ou noutra. Santiago Rodríguez pregunta se non teñen que respectar o regulamento que fala de 30 minutos de diferenza entre as súas. O Secretario indica que aínda que regulamentariamente se fale de 30 minutos, eles poden acordar unha dinámica interna diferente.

Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade establecer dúas convocatorias con dez minutos de diferenza entre elas e co propósito dos membros de asistir á primeira convocatoria.

Manuel Alonso, representante dos centros privados, **pregunta sobre a guía de centros online**. Quere saber se hai algún prazo para poder actualizar a información dos centros e a quen hai que enviarlle esta información. Pedro M^a Vázquez explícalle que existen unhas claves de acceso para que cada centro acceda á súa zona privada e que faga os cambios que considere.

Tereixa Otero pregunta se xa se puxo en marcha o **proceso de elección do alumnado para o CEMV**. O secretario explica que non é posible xa que neste momento se está a facer a renovación dos consellos escolares de centro.

Bertila Alonso comenta que fixeron unha visita ao comedor do **CEIP Igrexa-Candeán** e trasladan unha pregunta que lles fixo alí a comunidade educativa. Queren saber **que vai pasar co edificio de vivendas** que hai no centro. A Concelleira comenta que se estivo valorando, e aínda que non é competencia do Concello, estarían dispostos a facer algo pero é unha inversión que agora non se pode facer. Pedro M^a Vázquez explica que incluso se valorou a posibilidade de derrubalo, como xa se fixo noutros centros, e gañar ese espazo para o centro, pero haberá que agardar a mellores circunstancias económicas.

Bertila pregunta se xa lles foron remitidos a os familiares de **Chito Veiga e García Picher** os escritos de recoñecemento. A presidenta comenta que aínda non, pero que se intentará facer canto antes.

Bertila fai un último rogo. Comenta que eles están apostando pola convivencia entre alumnos, pais, administracións,... e piden que hoxe máis que nunca se faga un esforzo maior, xa que a situación económica actual, provoca situacións que afectan moito máis alá do económico. Aproveita para agradecer aos profesores e aos compañeiros dos sindicatos polo labor que desempeñan e o apoio que reciben así como ao Concello de Vigo e aos membros da inspección educativa.

Remata a sesión ás 19.16 horas, sen máis asuntos que tratar.

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Raquel Díaz Vázquez